

Xaneiro 2018

## A CIG-Ensino recorre as convocatorias da ACSUG para o recoñecemento docente, de investigación e de xestión nas universidades galegas

O sindicato demanda a inclusión do persoal temporal nas convocatorias que regulan a avaliación previa para o cobro de complementos autonómicos.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galiza (ACSUG) vén de publicar no DOG dúas resolucións polas que se aproban as convocatorias ordinarias para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas aos complementos autonómicos de recoñecemento de labor docente, investigador e de cargos de xestión. A ACSUG limita as convocatorias ao persoal funcionario e contratado doutor, deixando fóra todo o persoal interino e colaborador así como ao profesorado axudante doutor, incorrendo nunha nova discriminación entre o persoal fixo e o temporal, vetada polas directivas da Unión Europea e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE.

A situación é máis grave aínda se temos en conta que nos últimos meses se ditaron tres sentenzas, unha delas gañada polos servizos xurídicos da CIG-Ensi-



no, que indican claramente que o persoal temporal non pode ser excluído destas convocatorias. Unha das sentenzas afecta a un docente da USC e outra a docentes interinas da UVigo. Unha terceira é do Xulgado Central do Contencioso Administrativo e garda relación coa convocatoria para a avaliación investigadora pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI). O propio MECD, unha vez coñecida a sentenza, publicou no BOE unha corrección de erros incluíndo o persoal interino.

Con estes precedentes, a CIG-Ensino denuncia a falta de sensibilidade da ACSUG cara o persoal temporal interino ou

axudante doutor así como co persoal colaborador e demanda que a Axencia se aveña ao recurso de reposición presentado polo sindicato e corrixa ambas convocatorias, incluíndo nelas a todo o persoal temporal. Do contrario, o sindicato presentará demanda no xulgado.

A precariedade na que vive un número moi importante do persoal docente e investigador nas universidades galegas, denunciado reiteradamente pola CIG-Ensino, debe reverter canto antes e debe pórse fin á discriminación retributiva que sofre o persoal temporal. Esta seguirá a ser unha reivindicación fundamental do sindicato no ámbito universitario galego.